



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN “CAMPAMENTOS”

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación das presentes bases será a poboación menor con idades comprendidas entre os 3 (1 ano de escolarización) e os 16 anos de idade.

Artigo 2. Concepto e obxectivos.

O Concello de Avión, crea este programa de conciliación co alumnado do C.E.I.P. Virxe de Guadalupe e menores empadroados co fin de axudar ás familias na conciliación da vida persoal e laboral durante a época non lectiva.

Preténdese, a través de actividades educativas e lúdicas, ofrecer aos nenos/as unha opción de tempo libre positiva, alternativa e divertida, e así, fomentar neles/as actitudes e valores positivos enmarcado na igualdade e a non violencia, tales como, a cooperación, a solidariedade, e o respecto mutuo, creando unha contorna educativa durante todo o ano. Favorecer o seu desenvolvemento a través do xogo, a convivencia en grupo e a realización de actividades adaptadas ás súas necesidades.

Artigo 3. Requisitos:

Poderán optar a ser usuarios deste programa aqueles nenos e nenas que cumpran cos seguintes requisitos:

- Ter unha idade comprendida entre 3 (1 ano de escolarización) e 16 anos.
- Estar escolarizados/as no C.E.I.P. Virxe de Guadalupe
- Estar empadroados/as no Concello de Avión.
- Ter asinado toda a documentación requirida para inscribirse no programa e entregala nos Servizos Sociais para poder iniciar a actividade.

Artigo 4. Número e tipoloxía de prazas ofertadas:

O total de prazas ofertadas para o programa campamentos será de 50.

Todas as prazas serán de balde.

Artigo 5. Criterios de selección:

A orde de selección será por **rigorosa orde de entrega da solicitude**.

No caso de que ao inicio da actividade se inscriban máis nenos/as que prazas existentes, terase en conta o seguinte:

- Familias monoparentais.
- Que os dous proxenitores traballen. (Entregarase contrato de traballo para xustificalo)
- Nivel de renta. (Solicitarase declaración da renta do ano 2021)





Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda. As solicitudes fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres. Non serán admitidos nenos/as que non cumpran cos requisitos esixidos.

As solicitudes para participar no PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR “CAMPAMENTOS” presentaranse todos eles debidamente cumprimentados e lexibles.

O prazo para presentar a inscrición será a partir do día seguinte da publicación destas bases na sede electrónica do Concello de Avión ata o día 29 de xuño de 2022. Só serán admitidas solicitudes presentadas fóra de prazo se houbera prazas dispoñibles. Unha vez finalizado o período de inscrición, realizarase chamada telefónica para confirmar a praza e a data de reunión de inicio do programa.

O chamamento por listaxe de agarda será mediante chamada telefónica. Considerarase como desestimada, e polo tanto, anularase a inscrición existente listaxe de agarda a:

- Non aceptación da proposta.
- Non recepción de contestación telefónica nun prazo de 48 horas.

Artigo 7. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes debidamente cubertas presentaranse nos Servizos Sociais do Concello de Avión situados en Carretera de O Sifón nº15(Centro Alvetus).

Artigo 8. Horario e lugar de realización do programa.

O programa levarase a cabo nas instalacións do Multifuncional, pavillón deportivo e piscina municipal

Os horarios e duración do programa será: 9:30 a 13:30h do mes de Xullo de 2022.

Artigo 9. Normas de funcionamento.

É obrigatoria a asistencia. Os/as nenos/as que falten a actividade de 2 ou máis días, sen xustificar debidamente perderán a súa praza en favor do/da seguinte na listaxe de agarda.

A falta de cumprimento nas normas de convivencia e seguridade, ou o comportamento un neno/a afecte o normal funcionamento da actividade, procederase a comunicar á familia e a proceder a dar de baixa ao neno/a no programa.

A participación no programa suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases e as normas de seguridade e comportamento durante o desenvolvemento do campamento. O Concello de Avión resérvase o dereito de realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do programa de conciliación.

Avión a 20 de Xuño de 2022.

